



Concello de Cangas

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLE/2017/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de xullo de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:05 ata as 23:12 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGOS SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGOS	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 20, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

O Concello Pleno, co voto favorable dos concelleiros presentes e a abstención da concelleira Sra. Cordeiro Magdaleno, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 29 de xuño de 2017

**Toma de posesión do concelleiro do grupo municipal ASPUN Jesús Pérez Gallego**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do día 28.07.2017 que di:

*“Visto que con data 15 de xuño de 2017 se presentou a renuncia expresa por Eva Rodríguez Calvar ao cargo de concelleira, do cal tomou posesión o día 13 de xuño de 2015.*

*Visto que con data 28 de xullo de 2017 se recibiu da Xunta Electoral a credencia acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, Jesús Pérez Gallego.*

*Comprobado, que o candidato presentou as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985,*

**Concello de Cangas**



*do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, polo que tales declaracións pasan a formar parte do Rexistro de Intereses da Corporación que se custodia na Secretaría do Concello.*

*De conformidade co disposto nos artigos 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2586/1986, de 28 de novembro e 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, propono ao Pleno:*

**ACORDO:**

*Aceptar a toma de posesión de Jesús Pérez Gallego do cargo de concelleiro en substitución de Eva Rodríguez Calvar, cumprindo co procedemento legalmente establecido de xurar ou prometer o cargo segundo o artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas.”*

A continuación cúmprese o procedemento legalmente establecido, procedéndose á toma de posesión de conformidade co disposto no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas:

“Eu Jesús Pérez Gallego, por imperativo legal, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do concello de Cangas con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do Estado.”

#### **Expediente 4889/2017. Proposta de festas locais para o ano 2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 20, En contra: 0, Abstencións: 1,  
Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.07.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, do día 20.07.2017, relativa a Proposta de festas locais para o ano 2018, que é como segue:

*“Proposta da Alcaldía de aprobación das festas locais para o ano 2018.*

*Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.*

*Visto que corresponde a este Concello realizar a proposta de festas locais para o ano 2018 e remitir a mesma á delegación provincial da Consellería de Traballo e Benestar antes do 30 de setembro do 2017.*



*Visto que en anos anteriores estas festas locais coincidiron coas festividadeas do Venres das Dores e o luns do Cristo, considerando conveniente manter as mesmas datas.*

*Polo exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Propoñer, á Consellería de Traballo e Benestar, como festas locais para o ano 2018 as seguintes datas:*

- 23 de marzo do 2018: Venres das Dores
- 27 de agosto do 2018: luns do Cristo

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á delegación provincial da Consellería de Traballo e Benestar para os efectos oportunos."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Soliño Costas:** di que o PP está de acordo cos días propostos. Sinala que o ano pasado, na sesión do 12.09.2016, o grupo ASPUN presentou unha emenda relativa á realización dun referendun municipal para que a cidadanía elixira os festivos locais e o equipo de goberno aprobou tal moción, agora está a incumprir tal acordo ao non realizarse a consulta popular.

**Sr. Hermelo Álvarez:** indica que era competencia do seu grupo realizar a consulta popular, polo que quere facer autocrítica, xa que non se realizou tal consulta, polo que intentarán cumprila no ano 2018. Explica que a concellería de participación veciñal priorizou outros obxectivos e que non conta con persoal propio no seu departamento polo que non foi posible cumprir todos os obxectivos previstos para o ano.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**Votos a favor:** 20 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

**Abstención:** 1 do concelleiro do PSdeG-PSOE

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### Expediente 4924/2017. Aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial de Urbanismo de Cangas

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 11, En contra: 1,  
Abstencións: 9, Ausentes: 0



Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.07.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do Concelleiro de Urbanismo, do día 21.07.2017, relativa á aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial de Urbanismo de Cangas, que é como segue:

*“O Concello de Cangas a través da Concellería de Urbanismo considera necesario regular a constitución e funcionamento do Consello Sectorial de Urbanismo de Cangas, órgano de natureza consultiva que terá por finalidade facilitar a participación dos cidadáns e canalizar a información das entidades asociativas nos asuntos municipais relativos á planificación e xestión urbanística.*

*Visto o proxecto de Regulamento Municipal do Consello Sectorial de Urbanismo, elaborada polo departamento municipal de urbanismo.*

*Visto o informe de secretaría de data 21 de xullo de 2017 sobre a lexislación e o procedemento aplicable.*

*PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Sectorial de Urbanismo de Cangas.*

*SEGUNDO. Someter o Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

*TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Abalo Costa:** explica o contido do regulamento presentado. Indica que o texto ten unha contradición, xa que se fai referencia por un lado á competencia do Sr. Alcalde para nomear á vicepresidencia e por outro á competencia do pleno do consello sectorial para realizar este mesmo nomeamento. Propón que quede establecida a competencia do pleno do consello eliminando a competencia do Sr. Alcalde para nomear á vicepresidencia.

Agradece o traballo do departamento de urbanismo para elaborar este regulamento.

Informa que o 8 de agosto se realizará unha reunión coa empresa encargada da elaboración do PXOM.



**Sr. Soliño Costas:** indica que pediron por escrito e verbalmente varias veces o contrato de redacción do PXOM e aínda non se lles facilitou.

Di que o texto está cheo de contradicións, pon como exemplo o contido do art. 2.2.d), pregunta ao respecto cales son as materias de transcendencia urbanística; o art. 6.3, non fai referencia á corporación municipal. Non cre oportuno indicar que o Consello ten carácter permanente senón puntual. Di que presentarán alegacións.

**Sr. Iglesias Santos:** pide que as reunións que se convoquen desde a concellería de urbanismo se realicen en horarios asumibles para os concelleiros que traballan. Lembra que non votou a favor do expediente de contratación do PXOM porque o período de execución é superior á lexislatura do actual goberno. Indica que non se lle facilitou o contrato de redacción do PXOM polo que non ten coñecemento do seu contido. Di que votará en contra, polo motivos expostos e que non ten claro se presentará alegacións.

**Sr. Gestido Porto:** cre que o Sr. Abalo Costa non ten credibilidade para presentar este regulamento, cando despois de tantos anos non foi capaz de sacar adiante o PXOM. Cre que o PXOM nace morto e a constitución do consello sectorial o único que vai facer e retrasalo máis. Xa pasou a metade da lexislatura e non se avanzou nada na redacción do PXOM.

**Sr. Abalo Costa:** di que a funcionaria responsable de contratación xa está avisada de que se facilite o contrato do PXOM a todos os grupos e se non se lles remitíu o luns, el mesmo se encargará de que se lles facilite.

Sorpréndelle que a intervención máis moderada fose a do PP que é a única que falou do contido do regulamento. Indica que a reunión do día 8 será realizada pola tarde. Di que o equipo de goberno ten claro que estamos ante un proceso importante e pretenden axilizalo o máximo posible. Cre que se hai colaboración haberá resultados.

**Sr. Gestido Porto:** considera que o PXOM é o documento máis importante da lexislatura, pero a forma na que está procedendo o goberno municipal é máis que reprobable, xa que tras máis de 2 anos non se fixo practicamente nada.

Indica que o documento do PXOM xa debería estar sobre a mesa.

**Sr. Iglesias Santos:** di que presenta unha alegación á totalidade deste regulamento. Cre que antes de pedir aportacións á oposición, debería terse reunido cos grupos para explicarlle as liñas maestras da súa concellería. Non é labor da oposición facer correccións ao texto do regulamento, xa que é labor do equipo de goberno.

**Sr. Abalo Costa:** insiste en que o camiño da porta aberta á participación de todos os grupos no



**Concello de Cangas**

marco do PXOM é a liña que vai a seguir o equipo de goberno.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

**Votos en contra:** 1 do concelleiro do PsdeG-PSOE

**Abstencións:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Expediente 4957/2017. Proposta de Alcaldía s/ rexeitamento á creación do xulgado uniprovincial para cláusulas solo.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0,

Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.07.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 24.07.2017, relativa ao rexeitamento á creación do xulgado uniprovincial para cláusulas solo, que é como segue:

*“Proposición da Alcaldía*

*En relación co escrito remitido a este Concello, con data 31 de maio de 2017, polo Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra, relativo á “Problemática do Xulgado Uniprovincial de Cláusulas Solo”, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte*

*Acordo*

*O Pleno da Corporación de Cangas apoia o escrito do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra e polo tanto adopta o acordo de mostrar o seu rexeitamento á creación do xulgado uniprovincial para cláusulas solo e solicita que se deixe sen efecto.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Alcalde:** explica o obxecto da proposta.

**Sr. Iglesias Santos:** indica que a maior parte dos actores que forman parte da administración de xustiza están en contra desta proposta de creación dun xulgado uniprovincial para as cláusulas solo. Todos os cidadáns teñen dereito ao xuíz natural que lles corresponda e non ten sentido especializar aos xulgados nesta materia.

**Sr. Sotelo Villar:** di que esta decisión, que pode ser discutible, foi adoptada polo Consello Xeral do Poder Xudicial polas demandas masivas en materia de cláusulas solo.

Indica que corresponde á Xunta poñer as medidas materiais e humanas, pero a decisión é do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Lembra que o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade instar ao Goberno do Estado á creación de Xulgados de reforzo, cos medios materiais e persoais necesarios, co fin de facer fronte ás demandas polas cláusulas chan. Pide que o Concello de Cangas asuma un acordo similar, se non o grupo PP se vai abster.





**Sr. Alcalde:** cre que o Parlamento de Galicia non sempre acerta nos seus acordos.

**Sra. Giráldez Santos:** pide manter a proposta inicial.

**Sr. Iglesias Santos:** cre que o acordo proposto só pretende apoiar o pedimento do colexio de avogados. Manifesta a súa oposición á creación dun xulgado especializado xa que é inxusta e posiblemente ilegal.

**Sr. Sotelo Villar:** indica que o que non se pode é ir en contradicción co art. 98.3 LOPX, haberá que modificar a lei se se considera oportuno. Repite que o acordo do Parlamento de Galicia foi unánime.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Abstención:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 4041/2017. Moción grupo PP de 15.06.2017 s/ situacións potencialmente perigosas por deficiencias e deterioro en rúas, paseos e beirarrúas do Concello**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 10, En contra: 11,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.07.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada do día 15.06.2017, relativa á situacións potencialmente perigosas por deficiencias e deterioro en rúas, paseos e beirarrúas do Concello, que é como segue:

*“D. Jesús M. Graña Graña como concelleiro do grupo municipal do Partido Popular ten a ben levar a seguinte proposta para ser debatida no Pleno Municipal.*

*Exposición de motivos:*

*Desde fai xa algún tempo, a situación das diversas deficiencias nas zonas de paseo e para viandantes en Cangas está a converter o camiñar por elas na Vila en un deporte de risco.*



*Existen numerosas rúas, paseos e beirarrúas moitas plaquetas deterioradas, levantadas e rotas que provocan unha situación de perigo evidente para as persoas que pasen por aí, xa que estas poden provocar golpes e caídas.*

*Tamén en moitas das zonas anteriormente citadas para peóns abundan baches, afundimentos e resaltes, que aumentan a inseguridade d@s camiñantes e da probabilidade de accidentarse.*

*Estamos a falar da Alameda Nova, a de Aldán, rúas como Eugenio Sequeiros, inicio da Avda. de Ourense, etc; e tamén beirarrúas, as de a Avda. de Vigo, Avda. de Marín, rúas do Casco Vello, e un longo etcétera.*

*Esta realidade antes descrita xa provocou as lesións de vari@s veciñ@s de diversa consideración, algunhas, incluso, con fracturas de osos.*

*Despois dalgún destes accidentes procedeuse a reparar puntualmente os sitios onde tiveron lugar. Ten que ocorrer unha desgraza para que se actúe. O deixar estas "trampas" nas zonas de paseo e rúas e unha irresponsabilidade manifesta, e as consecuencias están aí en forma de accidentes.*

*Desde o noso Grupo Municipal consideramos que se debe atallar estas graves deficiencias para previr as situacións perigosas as que se expoñen a xente que camiñan polas zonas antes apuntadas. E dicir actuar antes e non despois como está a ocorrer.*

*É un deber do Concello manter a seguridade destas vías para que resulten seguras para o tránsito peonil.*

*Propostas de acordo:*

*Por todo argumentado anteriormente solicitamos á Corporación a aprobación das seguintes propostas de acordo:*

*1) Que se realice, por parte d@s técnic@s municipais, un estudo urxente das situacións potencialmente perigosas debidas as deficiencias e deterioro nas rúas, paseos e beirarrúas das superficies das vías peonís de Cangas.*

*2) Baseado no estudo antes referido, se proceda a corrixir as situacións xa descritas, por prioridade dos perigos detectados, e que se realice no menor prazo posíbel."*

#### **DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Graña Graña:** explica o contido da moción relativa ás deficiencias das rúas e paseos que crean situacións potencialmente perigosas para a cidadanía, de feito, xa se teñen producido numerosas caídas algunhas graves. Indica que unicamente se arranxan estas deficiencias onde hai accidentes, o cal non é a forma de actuar por parte do Concello que debería actuar antes de que se produzan as caídas. Le os puntos de acordo.



**Sr. Iglesias Santos:** chama a atención respecto da responsabilidade patrimonial do concello.

**Sr. Gestido Porto:** cre que se se procurara que os espazos públicos estivesen en condicións non sería necesario esta moción.

**Sra. Giráldez Santos:** di que si existen algunha deficiencias nas vía públicas e se van tratando de resolver na medida do posible. Lembra que estas deficiencias existen desde sempre e que non é posible arranxar a totalidade de plaquetas e pavimentos porque os técnicos non dan abasto. Sinala que se segue unha orde de reparación en función da gravidade das deficiencias. Explica que en parte o problema é polo tráfico e o tránsito e estacionamento de vehículos por zonas non axeitadas para iso. Fai referencia aos problemas derivados do arranxo da alameda vella.

Indica que outro problema son as entradas dos garaxes, que deterioran as beirarrúas debido á plaqueta que se viña utilizando e por iso o concello está reparando agora con outro material.

Cre que a moción do PP é alarmista e lembra que moitas das deficiencias xa existían na época en que gobernaba o PP. Explica que todas as concellerías están implicadas en mellorar as deficiencias existentes e pode facilitar unha relación dos arranxos realizados e as deficiencias detectadas.

**Sr. Graña Graña:** indica que as condenas por responsabilidade patrimonial as pagan todos os cangueses. O que quere é que se adopten medidas e solucións. Fai referencia a Alameda nova, á rúa Félix Soage e a rúa Hío, coma exemplos verdadeiramente escandalosos de deficiencias de circulación.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 4039/2017. Moción grupo PP 15.06.2017 s/ prazas de estacionamento para persoas con discapacidade**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 10, En contra: 11,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0



Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.07.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 15.06.2016, relativa a prazas de estacionamento para persoas con discapacidade, que é como segue:

*“No casco urbán do noso concello, pintáronse prazas para discapacitados en diferentes zonas, é lóxico que dentro do amplo dispositivo que se está a levar a cabo en todo o casco vello para a peatonalización do mesmo unha das medidas sexa esta.*

*O certo é que unha das prazas das que estamos a falar está situada nunha zona que xa de por sí non é apta para que aparque ninguén, xa que é no chaflán da Rúa María Soliña, esta rúa xa de por sí estreita, ten bastante movemento de coches, xa que dá acceso aos garaxes dos edificios colindantes, ademais dos locais comerciais que se atopan na mesma. Non ten sentido por unha plaza nun sitio no que as medidas non dan, ademais do perigo para o usuario tanto o subir como o baixar do coche.*

*O que di o regulamento é que as medidas deben ser de 320x450, recomendando sempre que sexan de 360x500, e tamén recomendan que se é posible se teña en conta que os coches dos minusválidos na súa maior parte son monovolúmenes ou coches adaptados, co cal precisan amplitude e se anima a dimensionar de maneira xenerosa estas prazas.*

*Tendo ademais en conta que nos últimos dous plenos se nos animou por parte dun usuario destas prazas a que revisásemos as mesmas, en medidas, en sinalización, e mesmo que se comprobase se as tarxetas son legais.*

*Por todo o exposto, promovemos os seguintes acordos:*

*1º Facer una avaliación das prazas de minisválidos existentes e comprobar que todas elas cumpran coa normativa en canto ás medidas, de non ser así, reubicar as mesmas para que cumpran.*

*2º Comprobar se todas as tarxetas que portan eses vehículos son legais.*

*3ª Revisar as sinais, e se houberse alguna deficiencia nas mesmas, corrixilas.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Hermelo Piñeiro:** explica o obxecto da moción. Fai referencia á praza existente na rúa Maria Soliño, que non cumpre coas dimensións establecidas pola normativa e suxerida polas asociacións de afectados. Lembra que no propio Pleno entrevistou un cidadán minusválido facendo varios pedimentos respecto das dimensións das prazas e das tarxetas de minuválidos. Dá lectura ás propostas de acordo.

**Sr. Alcalde:** indica que na lexislatura anterior el presentou unha moción similar a esta e o goberno do PP dixo que xa estaba feito todo o que pedía a moción. Indica que ningún goberno traballou tanto en materia de mobilidade coma o actual.



Recoñece que a moción ten razón respecto das dimensións da praza de minuválido referida, e de feito vaise anular esa praza e a reubicarse. En canto ás tarxetas xa se fixo un informe da policía de retirada dalgunhas tarxetas e teñen orde de seguir traballando nese sentido.

**Sra. Giráldez Santos:** di que a praza da rúa Maria Soliño non se vai anular rapidamente porque hai un veciño moi necesitado de ter unha praza próxima á súa vivenda e non é tan fácil atopar unha alternativa, pero está a buscarse tal alternativa. Di que foi moi complicado regularizar moitas das prazas pintadas para minusválidos, xa que non cumprían os requisitos legais, e eran máis de 50. Indica que actualmente hai sete prazas detectadas que se van regularizar. Di que votarán en contra porque o traballo xa está feito e indica que vai facilitar o estudo realizado polo concello.

**Sr. Hermelo Álvarez:** pide que non se utilice a palabra minusválido senón diversidade funcional ou mobilidade reducida.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** indica que non dubida de que se fixese un estudo, pero a realidade é que hai moito que mellorar especialmente en canto á anchura das prazas. Pide unha copia do estudo realizado. Cre que o problema da rúa Maria Soliño, podería solucionarse retirando a xardiñeira.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o problema é que esa parte da rúa é privada, polo que o concello non pode retirar a xardineira.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 4900/2017. Moción do PSOE de 13.07.2017 s/ ciberacoso e achegamento da lei ás aulas como mecanismo de prevención.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.07.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, do día 13.07.2017, relativa a ciberacoso e achegamento da lei ás aulas como mecanismo de prevención, que é como segue:

*“Moción que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cangas referente a “ciberacoso: achegamento da lei ás aulas como mecanismo de prevención”.*



*Alfredo Iglesias Santos, Concelleiro-portavoz do Partido Socialista de Galicia - PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno de la Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:*

*Exposición de Motivos:*

*O acoso e o ciberacoso é un tema que preocupa a país, docentes, orientadores e psicólogos, que amosan un ávido desexo por coñecer todo o posible na materia desde un punto de vista social, psicolóxico e xurídico cun propósito común: aprender para ensinar.*

*A situación de partida é a existencia de dúas realidades que se contraponen:*

*A) Dun lado, os menores contan con moi boas habilidades para o manexo das TIC e adáptanse con moita facilidade a novas contornas dixitais, pero non teñen claras as “regras do xogo” e non existe árbitro que modere as súas relacións nesta contorna. Non coñecen o límite entre a broma pesada e o ilícito penal, as consecuencias de compartir imaxes comprometidas de terceiros, o uso de contrasinais de compañeiros para suplantar a súa identidade, ou a participación como testemuña muda (ou non tanto) en gravacións de actos vexatorios a outros menores.*

*B) Doutra banda, a contorna docente que rodea ao menor non ten, como regra xeral, as mesmas habilidades de interacción en contornas dixitais e, en moitos casos, non coñece a forma en que os menores se relacionan no mundo dixital. Tampouco conta coa formación específica para distinguir, en todos os casos, entre condutas reprochables socialmente e condutas antixurídicas.*

*O docente orienta o seu labor educativo, ademáis da ensinar as materias obxecto da súa especialidade, a sentar as bases dunha convivencia respectuosa e pacífica nas relacións entre menores, con independencia da contorna no que estas relacións se desenvolvan.*

*Neste proceso, o educador asume un rol difícil e en ocasións infrutuoso, máis aínda se o seu labor non se reforza cos principios e valores que a contorna familiar debe necesariamente xerar e consolidar.*

*Ante estas dificultades, é necesario incorporar un elemento máis que sirva de ferramenta no proceso de prevención do ciberacoso nas aulas: o coñecemento da lei, que debe poñerse ao servizo do sector educativo como un elemento que propicie, canto menos, un coñecemento real das consecuencias derivadas das condutas de menores en contornas dixitais e, a medio prazo, sirva como base para xerar conciencia e responsabilidade.*

*Para facilitar este proceso hai que capacitar, formar e informar a contorna docente e operadores implicados sobre o escenario legal que afecta á interacción entre menores en contornas dixitais.*

*En primeiro lugar, debemos desmontar o mito de que o menor de idade non ten responsabilidade legal, xa que o noso Código Penal aplícase a maiores de idade e,*



*excepcionalmente, a menores de entre 16 e 18 anos. Pola súa banda, a Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM) aplícase a menores entre 14 e 18 anos. As sancións poden variar desde a amonestación ata o internamento, pasando por asistencia a centros de día ou traballos en beneficio da comunidade (TBC), ou liberdade vixiada, entre outros.*

*En segundo lugar, é esencial identificar os comportamentos en contornas dixitais que constitúen un ilícito penal. Hai cuestións que parecen claras pero outras non tanto. Neste sentido, indícanse a continuación algunhas condutas ilícitas que, por ser as máis típicas ou repetitivas entre menores, pode ser interesante coñecer desde o punto de vista da súa repercusión legal:*

- Fustigamento (Stalking): regúlase no artigo 172 Ter CP e abarca todos aqueles supostos nos que se producen condutas reiteradas por medio das cales se menoscaba gravemente a liberdade e sentimento de seguridade da vítima.*
- Suplantación de identidade: a suplantación de identidade non está tipificada como tal no Código penal, pero atopa encaixe a través do artigo 401, que describe a suplantación do estado civil.*
- Insultos en redes sociais: o artigo 208 CP describe como inxuria a acción ou expresión que lesiona a dignidade doutra persoa, menoscabando a súa fama ou atentando contra a súa propia estimación.*
- Difusión de imaxes íntimas (Sexting/Sextorsión): o sexting consiste no envío de contidos de tipo sexual (principalmente fotografías e/ou vídeos) protagonizados xeralmente polo propio remitente e enviados a outro menor ou menores por medios TIC. Pásase do sexting á sextorsión cando se produce chantaxe cara á persoa que aparece na imaxe.*
- Gravación e publicación de vexacións (Happy slapping): trátase de gravación de abusos como sopapos ou empuxóns a compañeiros, que se gravan en vídeo co móbil e súbense a redes sociais ou se comparten a través de internet.*
- Caso “Balea azul”: é un “xogo” que consiste en captar e manipular a adolescentes a través de redes sociais para que realicen 50 retos en 50 días. Os retos programados incitan ao menor a que atente contra a súa integridade física ou contra a doutra persoa ata chegar ao reto 50 que é o suicidio.*

*As condutas analizadas son só unha pequena mostra e a casuística pode variar en función de cada caso concreto.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes*

#### **ACORDOS:**

*A. Que o Goberno Municipal de Cangas, a través do seus representantes no Consello Escolar Municipal, achegue esta problemática para o seu estudo, valoración e aplicación de medidas preventivas, formativas e correctoras por parte da Comunidade Educativa.*





*B. Que o Goberno Municipal de Cangas, a través do seus representantes no Observatorio Municipal da Infancia, Consello Municipal da Igualdade, Consello Municipal do Deporte e en todos aqueles organismos municipais que teñan relación con adolescentes e xóvenes, achegue esta problemática para o seu estudo, valoración e búsqueda de solucións.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Iglesias Santos:** fai unha exposición do contido da moción presentada.

**Sr. Hermelo Álvarez:** explica que o Consello de Igualdade é o foro máis idóneo para tratar este tipo de asuntos e comprométese a levalo á próxima sesión que se realice. Di que votará a favor.

**Sr. Chillón Iglesias:** di que van respaldar a moción. Indica que se trata dun tema especialmente sensible para a comunidade educativa e explica as charlas celebradas ao longo do curso escolar, que foron tres e indica que cara ao vindeiro curso celebrarase un curso especializado na materia impartido por persoas moi cualificadas. Cre que todas as propostas na materia son necesarias.

**Sr. Gestido Porto:** di que apoiará a moción.

**Sr. Graña Graña:** di que a moción trata dun tema moi sensible e grave porque hai moitos menores que aínda sobendo que están a facer actos incorrectos, actúan en prexuízo doutros compañeiros. Cre que é un problema que afecta tanto aos menores coma as familias e á comunidade educativa. Di que apoiarán a moción porque todo o que se faga para erradicar este grave problema é positivo.

**Sr. Iglesias Santos:** explica que os menores de 14 anos son inimputables, cuestión difícil é os menores de 14 a 18 anos. Considera que é necesario avanzar nesta problemática.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

**Expediente 4901/2017. Moción do grupo municipal PP de 14.07.2017 s/ a execución das obras previstas no Plan de Inversións da concesión dos servizos vinculados ao ciclo integral da auga**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 10, En contra: 11,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.07.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.07.2017, relativa á execución das obras previstas no Plan de Inversións da concesión dos servizos vinculados ao ciclo integral da auga que é como segue:

*“José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas; presenta para o seu debate e aprobación se procede no Pleno da Corporación, a seguinte*





*Moción :*

*Na Lexislatura pasada asinou o contrato de concesión do ciclo da auga coa empresa que resultou gañadora do concurso, a UTE Aqualia-Civisglobal. Un contrato que entre outras cousas recollía un Plan de Inversións por importe de 3,5 M. de €.*

*Podíamos falar das falsas promesas de municipalización dos membros do actual Goberno Municipal, ou lembrar a foto de hoxe Alcalde coa pancarta de MUNICIPALIZACION DA AUGA XA na bancada do Salón de Plenos no Pleno do mes de marzo 2015, ou "El BNG llama a unir a la oposición para intentar municipalizar el agua" . (Faro de Vigo.29.Mzo.2015 ), ou a que o primeiro que fixo o Sr.Pazos ao chegar a Alcaldía foi firmar o padrón do ciclo da auga que o PP había paralizado e dicir que descartaba rescatar o servizo da auga (V. de Galicia 18 de Xuño do 2015), ou facer referencia a esa ordenanza chapuceira e ilegal que traerá graves consecuencias ás contas do Concello (Xa hai sentenzas condenatorias). E para completar a historia a empresa leva mais cartos que nunca de Cangas. Se alguén ten dúbidas aí está o importe do padrón do 2º trimestre deste ano 2017 que está ao cobro por un total de nada menos que 435.278, 19 €, fronte o do segundo trimestre do 2016 de 389.083,00 €, ou fronte o importe do 2º trimestre de 2015 de 395.501,00€. E dicir un 12% mais sen facer ningunha inversión. Mentres o Goberno Municipal mira para outro lado.*

*En definitiva podíamos facer referencia a una ampla hemeroteca, da que sen dúbida é a maior estafa política da historia do noso Concello.*

*Si todo isto chama a atención, a chama mais, que tres anos despois non se executara ningunha das obras previstas no Plan de Inversións, que sorprendentemente tiña un cronograma que empezaba no verán do 2015 coa mellora dos bombeos de Areabrava, Pinténs, Arneles, Francón, Rozabales, Reboredo, Viñó e Serra Poente por un importe de 253.416 €, e con outro proxecto por importe de 728.000 € para acometer actuacións onde estaban previstas pavimentacións (Castiñeiras, Espiñeira, Pepe Durán, Herbelo, Barrio das Flores, Lemáns e Arneles). A data de hoxe non hai rastro desta 1ª fase e por suposto menos das melloras na EDAR e outras actuacións previstas. Iso si, fai uns meses a concesionaria anuncia na prensa unha serie de obras que nada teñen que ver coas inicialmente previstas, que a quen beneficia é a xestión da explotación non as necesidades dos veciños/as.*

*Por todo iso efectuamos a seguinte Proposta de Acordo:*

*O Pleno do Concello de Cangas insta o Goberno Municipal, a que presente antes de que finalice o mes de agosto, unha proposta consensuada coa empresa concesionaria e eos distintos grupos políticos das obras a executar dentro do Plan de Inversións con cargo ao contrato do ciclo da auga e cun cronograma da súa execución.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Millán Blanco:** explica o contido da moción. Fai referencia á cronoloxía de adxudicación do contrato do ciclo integral da auga. Lembra que a empresa concesionaria ten a obriga de levar a cabo unha serie de inversións que aínda non se empezaron. No mes de novembro aprobouse unha ordenanza fiscal de modificación das taxas da auga que está garantizado á concesionaria uns ingresos superiores que coas ordenanzas anteriores. Neste momento nos dous trimestres primeiros do 2017 a empresa concesionaria vai pasar dos 2.300.000 € e incrementará cada ano nun 2%. Chama a atención que tras todo isto aínda non se empezaron a executar as obras de inversión. Dá



lectura á propostas de acordo.

**Sr. Iglesias Santos.** Di que o concello ten unha conta pendente que é buscar no expediente do ciclo da auga todos aqueles puntos que beneficien ao concello e á cidadanía, para ver ata donde se pode chegar fronte á empresa. Tamén suxire estudar a opción de que sexa Augas de Galicia quen asuma parte das obras e se recupere parte dos cartos destinados á inversións.

**Sr. Gestido Porto:** cre que hai unha falta de xestión clara nesta materia por parte do goberno municipal.

**Sr. Abalo Costa:** indica que unha cousa son os obxectivos programáticos do equipo de goberno e outra o procedemento que hai que levar a cabo para executar tales obxectivos. Lembra que a orixe do problema da concesión da auga foi o goberno do PP que adxudicou o actual contrato. Cre que o principal non é se está o equipo de goberno cumprindo as súas obrigas, senón se a empresa concesionaria está a respectar as obrigas contractuais. En abril de 2015 foron aprobados uns proxectos de inversión que a empresa debería ter executado.

Cre que é necesario fixar cronogramas efectivamente, pero destinados a esixir á empresa concesionaria que execute os investimentos, sen necesidade de adoptar ningún acordo con ela, como propón a moción do PP. Considera que a solución non é a que indica o PP, pero si é necesario adoptar unha solución definitiva fronte ao mal funcionamento da empresa concesionaria.

**Sr. Alcalde:** lembra que foi o PP quen asinou o contrato do ciclo da auga co voto en contra da oposición. Di que a comparativa que presenta a moción non inclúe o primeiro bimestre do 2015, cando se produxo o denominado tarifazo. Sinala que a municipalización é moi difícil cando estaba recén asinado un contrato de xestión do servizo por 25 anos. Cre que cada grupo ten a obriga de asumir as súas responsabilidades. Afirma que o equipo de goberno ten como reto máis grande solucionar o problema da auga, pero foi un problema creado polo grupo do PP.

**Sr. Millán Blanco:** di que no primeiro trimestre do ano 2017 facturáronse 120.000 euros máis. O goberno manifestou ao longo da segunda metade do 2015 e primeiro trimestre do 2016 que chegaron a un acordo coa concesionaria ata que en outubro de 2016 sacáronse da manga un informe de EMACLSA que dicía algo completamente distinto. Pide que se adopten as medidas necesarias para dar solución a unha situación inxustificable.

O que lle interesa son as inversións ás que a concesionaria está obrigada.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o seu grupo tratou antes de que se asinase o actual contrato de avisar das nefastas consecuencias que ía ter e defenderon que era o momento de municipalizar. Cando coñeceron as condicións dese contrato solicitaron un informe dos técnicos municipais para saber se era posible a municipalización e as cifras eran elevadísimas.

Repíte que o contrato que asinou o PP é leonino e os problemas actuais derivan dese contrato e o actual goberno está tratando de resolvelos.

**Sr. Sotelo Villar:** indica que o contrato da auga asinou en xaneiro e en marzo de 2015 o BNG chamaba á municipalización igual que o actual alcalde, cando en marzo o contrato xa estaba asinado e coñecían o contido de tal contrato. Di que o PP asume as súas responsabilidades, os que non as asumen son os membros do actual goberno que non municipalizaron o servizo, subiron as tarifas e non esixen a execución das obras de inversións. Cre que a moción do PP é positiva, pide



que se busquen solucións. Cre que o actual goberno mentíu á cidadanía ao falar dunha municipalización que sabían que non podían levar a cabo.

**Sr. Alcalde:** explica que levan traballando desde o principio para corrixir a situación creada pola concesión do ciclo da auga.

**Sr. Millán Blanco:** di que todo o expediente de contratación da auga tiña informes favorables e respectou a lei. As inversións teñen que realizarse por parte da empresa. Lembra o baile de propostas de modificación das taxas da auga realizado polo actual equipo de goberno. Indica que o expediente da concesión do ciclo da auga foi presentado en pleno, incluído o anteproxecto e os pregos de contratación, polo que a Sra. Giráldez Santos minte cando di que non coñecía o contido do contrato e, de feito, non presentou alegacións a tales documentos. Pide que se executen as inversións ás que está obrigada a empresa.

**Sr. Abalo Costa:** cre que a moción do PP pon de manifesto o negativo que foi o contrato do ciclo da auga asinado polo PP. A responsabilidade de que non se fagan as inversións non é do actual equipo de goberno. Está de acordo en que o contrato debe cumprirse.

**Sra. Giráldez Santos:** di que cando se presentou o anteproxecto do ciclo da auga o BNG presentou unha moción pedindo a municipalización da auga. Sinala que o BNG no seu programa electoral propoñía elaborar un estudo de viabilidade da municipalización.

**Sr. Iglesias Santos:** pregunta se a proposta consensuada referida na moción do PP se vai a debater primeiro entre os grupos da corporación e se presentará á empresa concesionaria ou se se trata dun consenso entre o equipo de goberno e a empresa.

**Sr. Gestido Porto:** pregunta se hai un documento que establece as inversións que ten que facer a empresa.

**Sr. Alcalde:** resposta que si existe tal documento e que o Sr. Gestido Porto o votou a favor do mesmo.

**Sr. Millán Blanco:** pide que se presente un cronograma de execución das inversións, cre que é o equipo de goberno quen ten que presentar unha proposta dirixida á empresa para que se lle obrigue a executar as inversións. Fai referencia á alegación presentada polo PP fronte á modificación das taxas da auga que levou a cabo o actual equipo de goberno. Lembra que o BNG tiña como bandeira da súa campaña electoral a municipalización da auga, algo que non levou a cabo e o certo é que a actual concellería de obras é a que máis privatizacións de servizos ten realizado.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 4977/2017. Moción de Cangas Decide de 15.07.17 s/ o Plan de Transporte**



## Público da Xunta de Galicia

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 2, En contra: 11,  
Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.07.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal “Cangas Decide”, do día 15.07.2017, relativa ao Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia, que é como segue:

*“José Luis Gestido Porto, voceiro do Grupo Municipal de Cangas Decide, presentan para o seu debate en Pleno a seguinte Proposta-Moción:*

*Cangas, como outros pobos de Galicia están a sufrir as consecuencias do enfrontamento entre o sector do transporte e a Xunta de Galicia, pola intención desta de implantar un novo Plan de Transporte Público.*

*Entendemos a inquietude dos pequenos empresarios galegos, os seus empregados e algúns sectores da poboación que depende do transporte público, ante algunhas das medidas que este novo plan pretende poñer en práctica, pois a maioría quedarán sen traballo deixando o transporte de escolares e viaxeiros en mans das multinacionais que operan en España e que xa se viron beneficiadas nas outras comunidades autónomas onde se puxo en práctica un plan de transporte parecido ao pretendido en Galicia.*

*O transporte no rural necesita adaptarse ás necesidades reais de Galicia e para iso é necesario máis diálogo e máis información a todas as partes implicadas.*

*Tomamos como exemplo algunhas das medidas deste novo Plan de Transporte público:*

*A Xunta de Galicia deseñou gran cantidade de liñas de servizo, moitas imposibles de realizar nin sequera cun microbús, porque están trazadas por camiños sen o ancho suficiente e cun pavimento sen asfaltar.*

*Actualmente, a norma establece que os nenos que viven a menos de 2,5Km do centro educativo, non teñen dereito ao transporte gratuíto, pero neste momento, no noso Concello, por poñer o exemplo que nos toca máis de preto, préstaselles este servizo sen ter en conta este punto, porque o servizo está pago e hai prazas libres. Co novo plan, os nenos que vivan a menos de 2,5Km terían que pagar este servizo como calquera outro usuario (1,40 Euros por viaxe), a menos que a Xunta para “agradar” ao colectivo das ANPAS, non teña en conta este punto nun principio e logo faga valer esta norma, deixando a moitas familias sen a posibilidade de ter transporte gratuíto para os seus fillos.*

*O novo plan tamén incorpora o servizo de transporte baixo demanda, no que os usuarios terán que reservar praza cun día de antelación se queren utilizar o transporte público. En moitos casos nos que desaparece a liña regular, os usuarios estarían a expensas das prazas libres nos servizos integrados e por conseguinte tamén aos seus horarios, de maneira que poderían ir desde as parroquias ao centro da poboación no horario escolar e ter que esperar novamente ata este horario para poder volver ás súas parroquias. Nos casos de non existir transporte integrado, os veciños das parroquias quedarían sen transporte público, como ocorre nas liñas seguintes:*



- Cangas - Coiro
- Cangas - Moaña pola Ameixoadá
- Cangas - Pontevedra, deixando sin servizo a Magdalena, Portela, etc.

*Estes son tres exemplos das consecuencias sociais do novo plan de transporte público que a Xunta de Galicia ten sobre a mesa, as consecuencias económicas, tamén terían que ser consideradas, pois ademais de perderse moitos postos de traballo, os empregados das pequenas empresas "sobreviventes" veríanse abocados a unha precariedade laboral importante.*

*A Xunta de Galicia, nesta lexislatura fixo unha aposta polo rural. Esta aposta, con esta e outras medidas que está a tomar ou simplemente ignorando, está a resultar ser soamente unha campaña publicitaria, xa que a realidade é que o rural se ve despoñuído de todos os servizos necesarios para levar unha vida digna e que resulte atractiva para as novas xeracións.*

*Por todo o exposto e por outras conclusións que se extraen da lectura do Plan de Transporte Público de Galicia que o goberno do PP quere aprobar pola vía de urxencia, con moita publicidade, facendo comparacións con outras comunidades autónomas, cunha realidade social e rural moi diferente á de Galicia, como Castela-León, carente de transparencia e sen un diálogo con todas as partes implicadas, é polo que presentamos para o seu debate en Pleno as seguinte Proposta de Acordo:*

*Que o Concello de Cangas, en representación de todos os veciños, potenciais usuarios do transporte público, pídalle á Xunta de Galicia, un diálogo efectivo e transparente con todas as partes implicadas, onde os usuarios do rural tamén esteamos representados, xa que a vía de urxencia e a formulación actual só sómenos na indefensión como usuarios e á quebra das pequenas empresas Galegas en favor das multinacionais, coas consecuencias económicas negativas que isto tería para os traballadores do sector."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Gestido Porto:** explica o contido da moción presentada, facendo referencia a algunha das medidas que neste marco pretende levar a cabo a Xunta de Galicia. Considera necesario que a corporación apoie esta moción.

**Sra. Rial Pardo:** di que está de acordo coa exposición de motivos da moción, pero cre que a proposta de acordo non ten sentido a estas alturas. Lembra que se presentaron alegacións ao plan de transporte que non foron respostadas e que se ten tratado de falar cos responsables da consellería, sen que ata hoxe fose posible que ninguén os recibira. Indica que a día 2 de agosto haberá unha reunión co Director Xeral de Transporte e invita a que os membros da oposición a que tamén asistan porque a situación na que se vai quedar Cangas é moi grave.

**Sr. Sotelo Villar:** di que a moción non di toda a verdade, si que pode haber problemas, pero non nos termos que se están dando a entender. Señala que non é certo o tema de que van pagar os rapaces o transporte escolar. Indica que se adxudica a mesma empresa o mesmo servizo.

Considera que non hai que buscar un problema onde non o hai. Cre que o verdadeiro problema é o interese económico das empresas de transporte, que agora están obrigadas a facer uns plans de inversións e o cumprimento dunhas obrigas ao respecto. Di que se van abster e sinala que as empresas concesionarias son as mesmas que estaban ata agora.

Indica que pedíu no pleno pasado e por escrito que se lle facilitasen as alegacións ao Plan de



Concello de Cangas

Transporte e aínda non se lles facilitaron.

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor.

**Sra. Rial Pardo:** cre que o Sr. Sotelo non leu polo miúdo o novo Plan de Transporte, porque as cousas non quedaron como antes. Indica que a longo prazo Cangas vai a verse afectada, se ben non durante os primeiros dous anos.

**Sr. Gestido Porto:** di que non entende que a Sra. Rial Pardo vaia votar en contra despois da intervención que fixo. Afirmo que o transporte escolar vai ter problema dentro de dous anos e os rapaces van ter que pagar e os transportes actuais se van suprimir, o cal afectará aos rapaces de toda Galicia, incluída Cangas. Considera necesario o diálogo entre a Xuna e a empresa de transporte.

**Sr.: Sotelo Villar:** di que lle gustaría ter máis coñecemento sobre a materia, se se lles tiveran facilitado as alegacións que o Concello presentou fronte ao Plan de Transporte. Cre que a moción non se axusta á realidade, se ben está de acordo na necesidade de diálogo, pero tal vez xa é tarde.

**Sr. Alcalde:** di que na reunión do día 2 tratará de que se lle aclare o problema das liñas de transporte.

**Sr. Gestido Porto:** reitera que o Plan de Transporte elimina o transporte escolar e pasa a denominarse transporte integrado.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 2 (1 do/a concelleiro/a presente do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

**Abstencións:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

#### **Dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas desde o 27 de xuño ao 24 de xullo de 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

**Sr. Sotelo Villar:** en diferentes ocasións preguntou ao Alcalde se iba a contestar as preguntas que se facían por escrito, pero a data de hoxe non se teñen respostado. Indica que moitos pedimentos se fan asinadas por todo o grupo de PP e inda así non se respostan.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





-Pregunta pola situación do contorno das vivendas da Choupana, pide que se faga a limpeza do contorno.

- Pregunta se pensan facer algo no camiño de entrada ao barrio do Piñeiro en Aldán.

- En relación ao facho de Donón indica que de forma reiterada o PP fixo unha serie de denuncias, pide que se limpen os accesos e se realice a sinalización. Pregunta se se pediu permiso a Patrimonio para facer limpeza e para adacentar o xacemento.

**Sr. Alcalde:** di que se vai actuar no contorno das vivendas da Choupana, tamén se vai arranxar o camiño do barrio da Choupana. Indica que hai permiso de Patrimonio para actuar no contorno do Facho, pero é algo que corresponde dirixir ao arqueólogo e indica que hai que esixir ao Ministerio de Fomento.

**Sra. Gallego Santos:** informa que existe un avispeiro no atrio da capela de Santo Domingo.

**Sra. Girádez Santos:** di que foi protección civil esta tarde a retiralo.

**Sra. Gallego Santos:** pregunta sobre o paseo que se está a facer non contorno no río Saíñas. Hai permiso dos propietarios?

**Sra. Girádez Santo:** resposta que quen está actuando é Augas de Galicia.

**Sr. Soliño Soliño:** pregunta que vai pasar co muro traseiro do Alondras.

**Sr. Alcalde:** resposta que a obra xa está adxudicada.

**Sr. Soliño Soliño:** pregunta se se vai desbrozar a zona.

**Sr. Alcalde:** sinala que se está a desbrozar seguindo unha orde establecida e contratáronse empresas para reforzar o servizo, polo que si se vai desbrozar.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** di que o barrio da Magdalena tamén está a esperar a que se desbroce, sempre se desbrozou dúas veces ao ano, o ano pasado só se desbrozou unha vez e a medias. Desde o concello fai máis de un mes se lle dixo que nunha semana se ía desbrozar e aínda non se fixo.

Indica que na praia da Cunchiña a xente acampa, pregunta se o saben.

**Sr. Alcalde:** di que si se vai desbrozar o vial da Magdalena.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** pregunta se non se preocupan polo banco de marisqueo da praia e se as defecación dos cans non afectan a ese banco de marisqueo.

Pregunta que aconteceu coa gardería de cans que se ía a por en funcionamento.

**Sr. Graña Graña:** pide os expedientes que xa pediu varias veces de sancións medioambientais e de verquidos.

- En relación a nalgún das fontes públicas, pregunta se a concesionaria está a cumprir as condicións. Considera que non as están a cumprir e pide que se esixa tal cumprimento e se



analicen as fontes.

- Pregunta se xa se contratou ao patrón que estaba pendente.

**Sr. Alcalde:** resposta que si, que o patrón que está contratado e a lancha operativa.

**Sr. Graña Graña:** En relación ás Festas do Cristo, pide que se lle resposten ás preguntas realizadas no ano 2015.

**Sr. Millán Blanco:** Pregunta:

- Nos orzamentos de 2016 incluíase a creación dunha central de compras, pregunta cando se vai crear e por qué non se creou aínda.

- Respecto da dación de conta de reparos de intervención, pregunta si se están a corrixir as deficiencias advertidas polo Interventor en relación ao pago de facturas por importe de máis de 600.000 euros.

**Sr. Alcalde:** explica que se trata dunha diferenza de criterio entre a arquitecta e o interventor respecto ás melloras das obras.

**Sr. Millán Blanco:** respecto á moción sobre os terreos do Adro do Hío pregunta se se deu algún paso ao respecto.

**Sr. Alcalde:** di que ten un anteproxecto enriba da mesa e que llo pode facilitar.

**Sra. Cordeiro Magdaleno:** Respecto ao regulamento de rexistro de asociación, indica que o rexistro que figura na páxina web está desfasado. Cando se vai arranxar este desfase?

**Sr. Alcalde:** indica que o novo rexistro aínda está en proceso de actualización.

**Sra. Cordeiro Magdaleno:** Fai uns meses falouse dos horarios da biblioteca especialmente en época de exames e aínda seguen esperando a que se amplíen os horarios.

**Sr. Alcalde:** di que non hai persoal suficiente para ampliar horarios.

**Sra. Cordeiro Magdaleno:** Pregunta se hai algún policía de vacacións neste momento, xa que na prensa indicouse que se suspendían as vacacións da Policía.

**Sr. Alcalde:** resposta que cre que non pero non está seguro.

**Sra. Cordeiro Magdaleno:** Pregunta que pasou coa gardería de cans.

**Sr. Alcalde:** di que non está funcionando.

**Sr. Soliño Costas:** pregunta sobre o perigo no palco da música da alameda vella, xa que hai unha caixa eléctrica rota e cre que é un perigo. Se pasa algo el será o primeiro que a denuncie.

**Sra. Giráldez Santos:** resposta que tal caixa eléctrica non ten corrente.

**Sr. Soliño Costas:** Na rúa Paz hai un cable que cruza a rúa cunha altura por debaixo da





**Concello de Cangas**

autorizada. Pide que se arranxe.

**Sr. Soliño Costas:** Na avenida de Lugo entre as plaquetas nace a herba abundante, pide que se fale coa Deputación para saber que pasa aí.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850